

XI ANDAINA TUDENSE SOLIDARIA

III CONCURSO FOTOGRÁFICO

DENDE 2004 17 de maio do 2014

Ponte en marcha ¡ Vive a experiencia !
Data límite da inscrición: 12 de maio

organiza club deportivo **andatui** rego de pedra colabera

www.andatui.es - www.concellotui.org

publicidad lafabrica

Mensa Tui, Seguros GENERALI Celeste Ozores, Connecta ALOIA, inP, Malvas PORRIÑO, PENY EXPRESS, inercia deporteaventura, HIPERXEL, Das Monte Atoia, ACCIONES DE EMPRESAS XESTION, Quimica, LULLANANZANA, TAPERIA ADDEGA, AQUAMINO, RESTAURANTE DON SANCHO, RESTAURANTE CASAPOTE, BODEGA CANÓNIGO REAL, BODEGA RAMÓN BILBAO, FOTOCOPIAS DEL BARRIO, ROSQUILLAS CRISTÓBAL, ACADEMIA DE MASAXES AGATEMA, GRUPO ALTRASÁN

restaurante don vocabalofurado, mesonsombraboa, restaurantedonsancho, restaurantecasapote, bartapariaoalboio, tperiaadega, tperiaademanu, hotelcruceirodomonte, dulcestui, alberguevillasanclemente, artesanaiportadapia, bodegacanónigoareal, bodegasramónbilbao, fotocopiadelbarrio, rosquillascristóbal, academiademasaxesagatema, grupoaltrasán

XI Andaina Tudense Solidaria

Sábado 17 de Maio 2014

O vindeiro sábado 17 de Maio terá lugar a XI Andaina Tudense Solidaria organizada polo Clube Andatui Rego de Pedra.

Este ano comezaremos nas entrañas do casco vello para gozar da cidade de Tui en todo o seu esplendor. Pasaremos pola Capela de San Telmo, a Catedral de Sta. María de Tui, o Convento das Clarisas de Clausura, percorrерemos o inicio do camiño de Santiago ata chegar á igrexa románica de San Bartolomé. Camiñaremos á beira do regato de Rebordáns, das súas fragas e subiremos pola canalización da traída de augas desta acollidora parroquia ata o río Deique.

O río Deique, afluente do Louro, guíaranos ata unha das vistas máis atractivas deste tramo do percorrido: unha estampa do val do Louriña na que poderemos albiscar dende A Cañiza ata a Serra de Peneda. Chegaremos á Pedra do Acordo, un lugar simbólico por concentrar nun marco pentagonal tres concellos (Tui, Porriño e Gondomar) e cinco parroquias (Malvas, Pazos de Reis, Rebordáns, Morgadáns e Chenlo).

Como coñecedes xa os veteranos e coma nos gusta anunciar ós novos camiñantes, a Andaina é tamén un espazo de encontro e faladoiro, polo que ás 14 horas xantaremos ó abeiro da Capela de San Xiao para repoñer as enerxías esgotadas e gozar da compañía de camiñantes amigos e descoñecidos.

Tras a sobremesa agárdanos a muralla ciclópea que rodea a cumio do monte Aloia e que nos servirá de guía para chegar á senda das udencias, continuar pola senda botánica, subir ó miradoiro do Perduran e seguir a baixada polo rego de pedra, puntos de inicio da nosa travesía ata o Castro do Alto dos Cubos. Nesta decimo primeira edición da Andaina propoñémosvos visitar un poboado castrexo situado nun cumio a 270 metro sobre o nivel do mar, moi ben conservado, e que nos permitirá retrotraernos á vida dos seus habitantes no século II.

Será despois de visitar o Castro do Alto dos Cubos, cando comezaremos coas subidas e baixadas propias da orografía do terreo. Baixaremos ós muiños do Trípes e subiremos á parroquia de Randufe, onde cruzaremos o camiño Real de San Telmo cara Baiona, poñendo un broche de ouro a unha Andaina que nos permitirá vivir a experiencia de entrar en Tui ó pé da emblemática Ponte Internacional.

Seguimos a ser fieis á nosa filosofía: o importante é a túa compañía, ver este percorrido a través de centos de ollos distintos. Non buscamos o mellor tempo, buscamos xente aberta a gozar camiñando entre fermosas paisaxes.

Máis Información en www.andatui.es ou www.concellotui.org